



FACULTADE DE FILOLOXÍA  
DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

# **SOCIOLINGÜÍSTICA GALEGA**

Henrique Monteagudo

**GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO**  
**2011/2012**

FACULTADE DE FILOLOXÍA. DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

AUTORES: Henrique Monteagudo  
Edición electrónica. 2011

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

## 1. Datos descriptivos da materia

<b>G5051324; G5051324, G5061720, G5071720, G5081720</b>	<b>SOCIOLINGÜÍSTICA GALEGA</b>
---	--------------------------------

Departamento: Filoloxía Galega

Área: Filoloxías Galega e Portuguesa

Centro: Facultade de Filoloxía

Créditos ECTS:: 6.00

Horas ECTS Clase Expositiva: 32.00. Clase Interactiva: 16.00. Horas de Titorías:  
3.00. Total: 51.0

Convocatoria: 2º Semestre de Titulacións de Grao/Máster

### Profesor

Monteagudo Romero, Xose Henrique

Titorías

Escritorio 201, ext. 11891

Luns, 10-12; Martes 10-12, 13-14;  
Mércores 13-14.

Lingua utilizada nas aulas: galego.

## 2. Sentido da materia no perfil da titulación

Esta materia forma parte do Maior en Lingua e Literatura Galegas. Unha introdución a ela foi ofrecida en Lingua Galega 2. O seu obxectivo principal é ofrecer unha primeira aproximación á situación sociolingüística do galego, en particular aos seus aspectos máis sociolóxicos, pois enténdese que é fundamental para calquera profesional da Lingua e a Literatura galegas. En todo caso, para cursala non se requiren coñecementos previos de sociolingüística nin unha formación específica en lingüística galega. Estudantes doutras titulacións, da Facultade de Filoloxía ou outras (en especial, Ciencias da Comunicación e titulacións de Humanidades e Ciencias sociais) serán benvidos/as.

A posición da materia no terceiro curso da titulación de Lingua e Literatura Galegas é a seguinte:

TERCEIRO CURSO			
<i>PRIMEIRO CUADRIMESTRE</i>		<i>SEGUNDO CUADRIMESTRE</i>	
<i>Materias</i>	<i>ECTS</i>	<i>Materias</i>	<i>ECTS</i>
Pragmática do galego e análise do discurso	6	<b>Sociolingüística galega</b>	<b>6</b>
Lingua galega oral, escrita e estándar	6	Morfoloxía do galego	6
Fonética e fonoloxía históricas do galego	6	Literatura galega contemporánea: poesía	6
Complementaria 3	6	Complementaria 4	6
Optativa 1	6	Optativa 2	6

## 3. Obxectivos

- Coñecemento dos parámetros sociais básicos da evolución recente, a situación actual e as dinámicas sociolingüísticas atinxentes ao idioma galego e posibles lecturas desta.
- Comprensión das condicións sociais en que se desenvolve a lingua galega.
- Iniciación á análise sociolingüística das capacidades, usos, actitudes, políticas e ideoloxías lingüísticas.
- Coñecemento e crítica das nocións e categorías básicas que foron desenvolvidas para analizar a situación sociolingüística do idioma galego.
- Comprensión dos fenómenos da variación, contacto, elaboración e normatividade lingüísticas, en relación co idioma galego.

## 4. Competencias

As competencias específicas da materia son:

- Capacitación para unha visión crítica dos discursos sociais sobre a lingua, e incremento da (auto)consciencia metalingüística.
- Capacitación para a comprensión, interpretación e análise crítica de cadros, táboas e gráficos estatísticos con datos sociolingüísticos.
- Recoñecer as interrelacións entre os parámetros sociais e os propiamente sociolingüísticos
- Fomentar unha actitude crítica fronte ás cuestións sociolingüísticas
- Identificar os factores sociolóxicos e ideolóxicos con máis impacto na situación social do idioma galego.
- Capacitación para a procura e manexo dos recursos en rede.
- Iniciación para o traballo de campo en sociolingüística: recollida, tratamento e análise da información

Como competencias xerais podemos indicar algunhas de tipo instrumental (pois terán que utilizar ordenadores, exercitar a súa comunicación verbal e a escrita na redacción do traballo), sistémicas (pois demostrarán a súa creatividade e os seus estándares de calidade na realización dos seus traballos individuais) e interpersoais (pois terán que actuar cos seus compañeiros na exposición pública dos traballos).

## 5. Contidos

### 1. A sociolingüística. Definición, disciplinas fronteirizas, abordaxes e áreas de estudo.

- 1.1. Sociolingüística e Lingüística.
- 1.2. Lingua e comunidade lingüística.
- 1.3. A sociolingüística variacionista.

#### ►Lecturas obrigatorias

Calvet, L.-J.: *A (socio)lingüística*. Santiago: Laiovento, 1998.

Monteagudo, H. (1997): “Modelos de lingua. Consideracións teóricas ó fío do debate sobre a estandarización do galego”, *Cadernos de lingua* 16, 5-33.

#### ►Manuais e obras de consulta

Hudson, R. A. (2000): *La Sociolingüística*. Barcelona. Anagrama.

#### ►Lecturas complementarias

Labov, W. (1983): *Modelos sociolingüísticos*. Madrid: Cátedra.

Monteagudo, H. (2005): “Do uso á norma, da norma ao uso (Variación sociolingüística e estandarización no idioma galego”, en R. Álvarez / H. Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación*. Santiago: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 377-436.

### 2. Breve historia da sociolingüística galega. Principais problemas, debates e orientacións.

- 2.1. Cambios sociais, ideas e debates sobre a lingua (1970): R. Piñeiro, X. Alonso Montero, M. Rodrigues Lapa. Prexuízos lingüísticos. Conxectura de eternidade e profecías autodirixidas.
- 2.2. A sociolingüística académica: inqueritos sociolingüísticos.
- 2.3. Nacionalismo lingüístico e activismo social.
- 2.4. Sociolingüística aplicada e planificación da lingua.
- 2.5. A polémica normativa.

#### ►Lecturas obrigatorias

Monteagudo, H. (2000): “Sociolingüística galega”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 36 (Apéndice 2000), 61-73.

Monteagudo, H. (2004): "Outra volta na procura da recendente pantera? O acordo normativo de 2003. Antecedentes e perspectivas", *Anuário Internacional de Comunicação Lusófona*, 79-93.

Monteagudo, H. (2007): "Introducción" a R. Piñeiro, (2007): *A linguaxe e as linguas*. Vigo: Editorial Galaxia, 9-46.

Piñeiro, R. (2007): *A linguaxe e as linguas*. Vigo: Editorial Galaxia, 57-96. [

### **3. Modelos de análise e parámetros fundamentais.**

3.1. Base demográfica e marco sociopolítico.

3.2. Funcións socio-comunicativas, dominios de uso e xéneros do discurso.

3.3. A estandarización: selección normativa e diversificación estilística.

3.4. Significación social e cultura lingüística: prestixio, actitudes e ideoloxías lingüísticas.

#### ► *Lecturas obligatorias*

Bartsch, R. (2003): "Estandarización e cultivo das linguas: Posibilidades, límites e xustificación", *Grial* 160, 30-41.

Monteagudo, H. (2005): "La estandarización del gallego. Problemas y avances", en Sinner, C. (Hg.), *Norm und Normkonflikte in der Romania*. München: Peniöpe, 112-30.

#### ► *Manuais de referencia*

Monteagudo, H. (1999), *Historia Social da Lingua Galega*. Vigo: Galaxia.

Monteagudo, H. / Bouzada, X. M. (eds.) (2003), *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume III. Elaboración e difusión da lingua*. Santiago: Consello da Cultura Galega. Véxase especialmente: Monteagudo, H. (2003): "A demanda da norma. Avances, problemas e perspectivas no proceso de estandarización do idioma galego", pp. 37-129.

#### ► *Lecturas complementarias*

Bagno, M. (2003): *A norma oculta. Lingua & poder na sociedade brasileira*. São Paulo: Parábola.

Monteagudo, H. (1994): “Aspectos da teoría da lingua estándar do Círculo Lingüístico de Praga e os seus continuadores”, *Grial* 122, 141-55.

Monteagudo, H. (2004): “Outra volta na procura da recendente pantera? O acordo normativo de 2003. Antecedentes e perspectivas”, *Anuário Internacional de Comunicación Lusófona*, 79-93.

Regueira, Xosé Luís (1999): “Estándar oral e variación social da lingua galega”, en Álvarez, Rosario & Vilavedra, Dolores (eds.), *Cinguidos por unha arela común*, 2 vols., Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, vol. I, 855-875.

Regueira, Xosé Luís (2002): “A sílaba en galego: lingua, estándar e ideoloxía”, en Lorenzo, Ramón (coord.), *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*, Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 235-254.

#### 4. **Nocións básicas.**

4.1. Contacto de linguas e cambio lingüístico.

4.2. Bilingüismo, diglosia, substitución lingüística, conflito lingüístico, normalización.

##### ► *Lecturas obrigatorias*

Monteagudo, H. (2010): “Por un proxecto de futuro para o idioma galego. Unha reflexión estratéxica”, *Grial* 188, 64-69.

Monteagudo, H. (2011): *Lingua de liberdade. Camiños da Normalización Lingüística*. A Coruña: Real Academia Galega.

##### ► *Manuais e obras de consulta*

Calvet, L.-J.: *A (socio)lingüística*. Santiago: Laiovento, 1998.

Hudson, R. A. (2000): [\*La Sociolingüística\*](#). Barcelona. Anagrama.

##### ► *Lecturas complementarias*

Rodríguez, F. (1991<sup>3</sup>), *Conflito lingüístico e ideoloxía na Galiza*. A Coruña: Laiovento.

## **5. Descrición e análise da situación sociolingüística galega. Coordenadas sociais e dinámica do bilingüismo en Galicia.**

5.1. Lingua inicial e competencia lingüística. Repertorio lingüístico, bilingüismo e adquisición de linguas.

5.2. Usos lingüísticos. Mantemento e mudanza de lingua. Cambio lingüístico interxeracional e biográfico.

### ►Lecturas obrigatorias

Monteagudo, H. (2010): "Presente e porvir do galego. Lingua, sociedade e política", *Grial* 186, 83-89.

Monteagudo, H. (2011): *Lingua de liberdade. Camiños da Normalización Lingüística*. A Coruña: Real Academia Galega.

### ►Manuais de referencia e obras de consulta

Fernández Rodríguez, M. / Rodríguez Neira, M. (coords.) (1994), *Lingua inicial e competencia lingüística*. A Coruña: Real Academia Galega.

Fernández Rodríguez, M. / Rodríguez Neira, M. (coords.) (1995), *Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.

Lorenzo, A. / Monteagudo, H. (coords) (2005): *A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)*. Santiago: Consello da Cultura Galega.

### ►Lecturas complementarias

Lorenzo, A. (2008): "A situación sociolingüística do galego: unha lectura", *Grial* 179, 19-31.

## **6. Lingua, ideoloxía e identidade. Psicoloxía social da lingua.**

6.1. Actitudes e prexuízos lingüísticos. A noción de prestixio.

6.2. Ideoloxías lingüísticas e discursos sobre a lingua.

### ►Lecturas obrigatorias

Monteagudo, H. (2011): *Lingua de liberdade. Camiños da Normalización Lingüística*. A Coruña: Real Academia Galega.

Casares Berg, H. / Fernández Salgado, X. A. / Loredó Gutiérrez, X. / Suárez Fernández, I. (2003): "Actitudes lingüísticas en Galicia", *Grial* 160, 52-59.

► *Manuais de referencia*

Iglesias Álvarez, A. (2002): *Falar galego: "No veo por qué". Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia*. Vigo: Xerais.

► *Lecturas complementarias*

VV. AA. (2003): *O galego segundo a mocidade. Unha achega ás actitudes e discursos sociais baseada en técnicas experimentais e cualitativas*. A Coruña: Real Academia Galega.

## **7. Planificación e política lingüística en Galicia (1980-...).**

7.1. A lingua galega na Constitución Española e o Estatuto de Autonomía.

7.2. A Lei de Normalización Lingüística.

7.3. A promoción do galego no ensino, nas administracións públicas e nos medios de comunicación.

► *Lecturas obrigatorias*

Monteagudo, H. (2011): *Lingua de liberdade. Camiños da normalización lingüística*. A Coruña: Real Academia Galega.

Silva Valdivia, B. (2008): "Lingua e escola en Galicia. Balance e propostas de futuro", *Grial* 179, 48-59.

Subiela, X. : "Política lingüística en Galicia", en VVAA., *A normalización lingüística a debate*. Vigo: Xerais, 131-71.

► *Lecturas complementarias*

Subiela, X. (2008): "As razóns da lingua galega", *Grial* 179, 32-47.

## 6. Instrucións para a realización do traballo obrigatorio

A materia ‘Sociolingüística Galega’ conta cun total de 6 créditos, unha parte dos cales son de carácter práctico, modalidade non presencial. Estes créditos deben cubrirse mediante a realización dun traballo de campo, individual, baixo a orientación do profesor. As estudantes poden proporlle ao profesor temas da súa elección, e, previo acordo deste, centrar o seu traballo no asunto escollido. Pola súa banda, o profesor propón, á partida, a realización dun traballo sobre o ‘**historial sociolingüístico dunha familia**’, co cal se pretende a iniciación da estudante na investigación sociolingüística de campo, e a profundización, mediante pescuda persoal, na historia recente e a situación sociolingüística actual de Galicia, obtendo un coñecemento concreto e de primeira man dos factores socioculturais que inflúen nas competencias, comportamentos e actitudes lingüísticos dos galegos e as galegas.

O dito traballo consistirá, pois, nunha **investigación de campo** sobre a evolución das experiencias, destrezas (orais e lecto-escritas), prácticas (uso do galego e o castelán) e representacións sociolingüísticas dos integrantes dunha familia **ao longo de tres xeracións**. A información obterase mediante conversas informais con varios membros desa familia, e en profundidade, ao menos unha delas gravada, con un membro de cada unha das tres xeracións. A investigadora deberá inquirir sobre os parámetros sociolingüísticos básicas dos membros da familia: **lingua inicial, competencia lingüística** (capacidade de falar/ler/escibir galego e castelán, grao de fluidez en distintas variedades –castelán estándar, galego estándar, castelán rexional, galego dialectal–, medio a través do cal se entrou en contacto coa outra lingua e se adquiriu competencia nela: escola, ...), **lingua usual** en xeral e, se for o caso, en distintos ámbitos de uso (na casa, cos pais, cos irmáns e coa parella se é o caso, cos fillos/as; cos veciños/as e amigos/as no traballo; monolingüe galego, bilingüe máis galego, bilingüe máis castelán, monolingüe castelán), **actitudes** ante galego e castelán, etc.

Doutra banda, explorará as **variables sociolingüísticas** máis relevantes de cada un dos informantes: idade, sexo, lugar de nacemento/ crianza, de residencia, estudos, historial laboral, estatus social, matrimonio (con persoa da mesma lingua, de lingua distinta, etc.); mudanzas de residencia habitual por razóns laborais (campo á cidade ou viceversa, emigración a Cataluña, Euskadi, España, Europa, América; retorno). É fundamental procurar **a asociación entre as variables lingüísticas e a súa evolución e as variables sociais e a evolución destas**.

As entrevistas personalizadas, que terán o carácter de **entrevistas dirixidas** (isto é, deixando falar ao interlocutor, pero tentado levalo aos obxectos de interese) procurarán afondar nos aspectos máis relevantes para a investigación, en particular nas **representacións sociolingüísticas** dos informantes, a súa biografía lingüística e visión do idioma, as mudanzas que percibiron a través do tempo, as súas actitudes e expectativas de futuro. As entrevistas con persoas maiores dirixiranse a reconstruír **as súas experiencias e os ambientes sociolingüísticos** do medio socio-xeográfico de orixe, sobre todo durante a infancia e primeira adolescencia, e a elicitar as representacións sociolingüísticas subxacentes: cal era a presenza social do galego e o castelán (que persoas recordan que falasen cada unha das linguas), e como esas persoas foron percibindo as mudanzas na situación (o contacto co castelán na

escola, a actitude lingüística dos mestres, a vivencia do franquismo...). Tentarase suscitar recordos, experiencias e sentimentos semi-conscientes ou subconscientes, e procurarase despoletar a lembranza co relato de escenas ou anécdotas en que o idioma xogase un papel importante.

O traballo deberá presentarse **impreso**, acompañado de **reproducción gravada** de ao menos unha entrevista, precedido dunha árbore xenealóxica da familia, cos nomes e datos básicos de cada un dos compoñentes (nome, xénero, idade, posición de parentesco). Terá unha **extensión mínima de 5 folios** e máxima de 10 de tamaño estándar (Times New Roman corpo 12, a espazo e medio de interlineado, isto é, unhas 350 palabras / 2. 500 caracteres, con espazos, por páxina). As gravacións irán acompañadas de cadansúa **ficha** cos seguintes datos: nome da persoa que realiza o traballo e as entrevistas, data e lugar de realización da gravación; idade e sexo do/a informante, lugar de residencia, profesión e lingua habitual deste/a. Procurarase garantir a maior calidade posible da gravación, evitando ambientes ruidosos.

## 7. Tempo de estudo

	Actividades presenciais	Actividades non presenciais	
Sesións expositivas:	32 horas	Estudo e preparación de actividades programadas na aula	30
Sesións de seminario: horas	16	Traballo obrigatorio	20
Sesións de titoría:	3	Lecturas	26
Sesións de avaliación:	3	Preparación de exames	20
Total:	54		96

## 8. Metodoloxía

A lectura de seccións das obras da bibliografía básica que se indican na aula é básica. As sesións de aula co comentario de gráficos e táboas son de asistencia inescusable, así como o manexo doutros aos que se fai referencia na propia aula.

É importante o manexo dos recursos dixitais e en rede, seguindo as orientacións do profesor. En particular, na páxina web persoal do profesor atoparanse moitos dos recursos que este empregará nas aulas:

<http://webspersoais.usc.es/persoais/henrique.monteagudo>

Haberá os seguintes tipos de actividades:

- Sesións expositivas, onde se exporán os conceptos fundamentais da materia: 2 horas de explicación teórica semanal.
- Sesións de seminario (1 hora semanal de sesión interactiva), onde se proporán diversas actividades consistentes en lectura, discusión e comentario de textos, correspondentes ás lecturas obrigatorias recollidas na bibliografía, presentación e discusión de táboas e gráficos e doutros recursos audiovisuais.
- Traballo de campo individual, segundo as instrucións que se ofrecen. O traballo será dirixido polo profesor, o que requirirá dúas entrevistas persoais co profesor e tres sesións de traballo co profesor en horario de titorías.

A comezos de curso entregárase na aula un calendario pormenorizado de lecturas, discusións, realización de traballos e outras actividades.

## **7. Criterios de avaliación**

Na avaliación teranse en conta os seguintes aspectos:

- Asistencia regular e participación activa nas aulas: 10%
- Exame que contará polo 60% da nota final da materia. Constará dunha parte teórica (40% da nota total da materia) e outra de análise/ interpretación dun cadro ou gráfico (20% da nota total da materia).
- Traballo de campo individual. O traballo contará polo 30% da nota final da materia.